

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

'O Xardín das Pedras Flotantes'

Lourenzo González, Premio Xerais de Novela 2008

Marilar Aleixandre e Mar Guerra recibiron o Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil e o XXIII Premio Merlín de Literatura Infantil.

Redacción - 20:20 07/06/2008

A [Editorial Xerais](#) entregou este sábado o Premio Xerais de Novela de 2008, o Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil e o XXIII Premio Merlín de Literatura Infantil, que nesta ocasión recaeron nos escritores Manuel Lourenzo González, Marilar Aleixandre e Mar Guerra, respectivamente.

Manuel Lourenzo González resultou gañador do Premio Xerais de Novela 2008, dotado con 25 mil euros, pola súa obra *O Xardín das Pedras Flotantes*, considerada polo xurado como "un relato de amor insólito, extraordinario e pasional" e presentado baixo o lema *Flor da Xunqueira* e o pseudónimo Manalva. Nesta categoría resultaron finalistas as obras cos lemas *As sereas de Tubinga*, e *Memoria de sal*.

Premios de literatura infantil e xuvenil

O Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, dotado con dez mil euros foi nesta ocasión para a escritora Marilar Aleixandre polo seu libro *A cabeza de Medusa*, presentado baixo o lema *Eu son ti* que trata a problemática de dous novos estudantes. O premio foi concedido por unanimidade á novela de Aleixandre, que tiña como competidoras as obras *O derradeiro inverno* e *Tusitala*.

Por último, a xornalista e escritora Mar Guerra resultou vencedora do Premio Merlín de Literatura Infantil 2008, dotado con dez mil euros, coa obra *Xenaro e o misterio da mochilota verde*, presentada baixo o lema ... *Cómpre botar unhas palabriñas máxicas* e considerada polo xurado un "thriller psicolóxico". O libro competiu nesta categoría coas obras *Indanonseiben* (teatro), *Paspallas azul* e *XX27/ni-0*.

O fallo deuse a coñecer nun acto literario-musical que tivo lugar na Illa de San Simón, en Redondela, ante os máis de 300 asistentes á gala, entre os que estaban o presidente do Consello da Cultura, Ramón Villares, e a secretaria xeral de Igualdade, Carme Adán.